

RESERVA DE PRAZA PARA ALUMNADO DE 6º QUE CURSARÁ ESTUDOS DE 1º ESO NO IES “EDUARDO BLANCO AMOR “

Estimados pais/nais e/ou titores:

Segundo marca a **ORDE do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a **admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos e a ORDE do 01 de febreiro de 2017, que modifica a anterior**, se desexan que o seu fillo/a realice os estudos de 1º da ESO no “**IES EDUARDO BLANCO AMOR**” (**instituto ao que está adscrito agora o noso centro**) e para os efectos de reserva de praza, deberán facer a solicitude **do 01 ao 15 de febreiro**.

A presentación da solicitude pode facerse dos seguintes xeitos:

- 1- Cubrir manualmente o impreso que acompaña a esta información e presentalo, unha vez cuberto, na secretaría do noso centro. Impreso que tamén poden descargar da páxina web do colexio: www.edu.xunta.gal/centros/ceipalbinonunez .
- 2- Cubrilo por vía telemática na seguinte páxina web: www.edu.xunta.es/admisionalumnado, no apartado **SOLICITUDES – RESERVA DE PRAZAS- CUBRIR SOLICITUDE**. Unha vez cuberto, tamén teñen que presentalo na secretaría do noso centro.
- 3- Cubrilo e presentalo a través da sede electrónica da administración da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED550A&ano=2017&numpub=1&lang=gl>

Teñan en conta que segundo marca a normativa, a reserva adquirirá carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

No caso de que prefiran que o seu fillo/a continúe os seus estudos noutro instituto diferente, deberán presentar **do 1 ao 20 de marzo** solicitude de admisión e reserva de praza no centro que vosteden elixan.

Se desexan máis información ou algunha aclaración, non dubiden en contactar co centro.

Un atento saúdo. A dirección.

O DÍA 06 DE FEBREIRO, ÁS 10:30 DA MAÑÁ, HABERÁ UNHA XORNADA DE PORTAS ABERTAS NO IES “EDUARDO BLANCO AMOR” A QUE ESTÁN TODOS INVITADOS. PODEN UTILIZAR PARA IR O AUTOBÚS QUE SAIRÁ DO CENTRO ÁS 10:00 H.